Num. 278

FOUCE

Maio 2010

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635

sindicato labrego galego
comisións labregas

ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. NÚM. 15000077

Labregas e labregos polo galego



A mobilización a prol da lingua o 17 de maio ateigou ao seu remate a compostelana Praza do Obradoiro. No destaque, a Secretaria de Organización, Lídia Senra, en representación do Sindicato Labrego Galego na faixa de cabeceira. Ao seu carón, o humorista gráfico Xosé Lois González, O Carrabouxo.

Sen labregas e labregos, o idioma esmorece. A defensa do galego foi dende o noso comezo unha das loitas máis importantes do Sindicato Labrego Galego. Aos labregos e labregas deste país correspondeulle grande parte de responsabilidade no mantemento da nosa lingua. Do contacto coa terra ao longo dos séculos xurdiron as verbas para nomear todo o que nos rodea, e do mantemento dun medio rural vivo, depende a conservación dunha parte fundamental do noso idioma.

Páx.9

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: *Carme Freire, Lidia Senra, Manuel Docampo, Isabel Vilalba, Xoán Monasterio, Charo Sánchez Parga, Xabier Gómez Santiso, Ana Rodríguez, Diego Sánchez Agra e Sandra Varela.*
Deseño e maquetación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas


LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
SANTA COMBA - R/ Carmen Santiso,nº22, baixo. Tlf. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n 981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo. Tlf: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tlf: 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde. Tlfno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrechán 3. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825

Editorial, páx. 3

■ **Sálvese quen poda... Ou quen eles queiran? ¿**Non habería menos crises sen tanto mercado, sen tantos acordos e sen tantos "mandamáis" que o único que fan cada vez que fan algo é salvar a quen eles queren das súas crises, coa suor das persoas do Norte e do Sul?





Galiza, páxs. 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10

■ Xornada reivindicativa n´A Terra Chá: **O noso seixo non é a súa mina.**
■ **Efectos dos agrotóxicos na saúde.**
■ E tamén: FIARE**,** a banca ética; manifestación do Día das Letras Galegas; Día Internacional do Comercio Xusto; entrevista co Subdirector Xeral de Gandaría; concentración reivindicativa n´A Coruña; etc.

Suplemento Seguridade Laboral no Agro, páx. 11

■ **Enfermidades profesionais na agricultura:** cales son? que hai que facer? que prestacións se reciben?





Sectores Gandeiros, páxs. 12 e 13

■ Reclamamos **prezos xustos para o leite**. Mobilización en Madrid.
■ Xornada sobre a problemática da **fauna salvaxe.**
■ **A enfermidade da lingua azul:** Neste e en vindeiros números do xornal sindical Fouce daremos conta por entregas deste artigo realizado pola gandeira e enxeñeira de montes, Eva Martín Jiménez.

Sectores Vexetais, páxs.14 e 15

■ **Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia**
■ Xornadas Nacionais de **Venta Directa** do Sindicato Labrego Galego en Compostela.
■ Recuperando a cultura da **oliveira** na Galiza.






Mulleres, páx. 16

■ **Declaración *labrega* de Cáceres.** En contraposición á "Declaración de Cárceres" emanada do encontro oficial realizado pola Presidencia española da UE, dende a Coordenadora Europea Vía Campesina lanzamos a "Declaración labrega de Cáceres".

Agroecoloxía, páx. 17

■ **Por unha agricultura e alimentación libres de transxénicos**, segunda manifestación estatal. En Madrid, o pasado 17 de abril, **Día Internacional da Loita Labrega**.





Eira, páx. 18 e 19

■ **Axudas** ás explotacións e **anuncios** de compra / venda e emprego.
■ **Documentación a aportar para a Declaración da Renda 2009.**
■ Axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren **violencia de xénero**.
■ Medidas de **refinanciamento** das explotacións.

Contracapa, páx. 16

■ **Plan Conecta Mujer.** Plan europeo de achegamento da informática ao medio rural.

Esta publicación está cofinanciada pola
DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Sálvese quen poida... Ou quen eles queiran?

Recentemente celebrouse en Madrid, no marco da Presidencia española, un cumio de xefes de estado da Unión Europea e Latinoamérica.

Entre outras negociacións, estiveron pechando acordos con algúns países do sul, sobor do que se denominan "mercancías de libre comercio": os alimentos.

Na mesma semana, o goberno de Zapatero anunciaba graves recortes nas prestacións sociais e salarios... Seica como medidas para abordar a crise; a mesma crise e co mesmo diñeiro que fai nada de tempo *agasallábaselle* aos bancos ou ao sector da automoción, por poñer exemplos.

Para "solucionar crises" tamén se nos intenta convencer de que os acordos de exportación de toneladas de alimentos desde Europa a Latinoamérica favorécennos porque así sacamos parte das nosas producións excedentarias na U.E. e mesmo nos animan a producir máis con ese obxectivo.

Por suposto, o que pase coas persoas que tamén neses países do Sul se adican á producción de alimentos, e polo tanto intentan ter un salario do seu traballo e da súa produción, é o de menos. Sálvese quen poida... !!! . E senón, que se adiquen a outra cousa ou que emigren ao Norte!!!!!

Máis vexamos só por riba a lóxica do mercado que se nos vén enriba ás persoas que no Norte tamén tentamos ter un traballo para vivir producindo alimentos (sexan lácteos, cárnicos, hortalizas, froitas, viño, patacas ou demais).

Vexamos a lóxica dos mercaderes, de quen os defenden e de quen directamente os apoian con leis.

A empresa "X" que me compra o leite, por exemplo, multinacional por suposto (porque das outras xa case se extinguiron ou tenden a parecerse ás multinacionais para estar nese mercado) vén pola porta co representante de turno, a darnos a nova de que agora exportan para Colombia leite do noso, que abriuse ese novo mercado en virtude do acordo asinado en Madrid en maio do 2010, que hai que producir máis porque son moitas toneladas as que van ir para Latinoamérica, que ademais están dispostos a asinar con nós un contrato porque por unha boa tempada están garantidas as ventas, que ademais coa nosa calidade, mellor ca de ninguén no mundo mundial, está todo máis que garantido.

Ante tanto ánimo imos e esbozamos timidamente un "...e logo o prezo tamén vai ser bo ¿non?, por fin imos cubrir os custos e aínda nos quedará algo para volver a aforrar e comprar algunhas máquinas ou facer algúns investimentos, que nos últimos tempos non nos atrevíamos a nada.... con isto da crise e dos prezos...."

A resposta non se fai esperar: "Bueno... o prezo terá que ser *o do mercado*. E claro, non sabemos aínda como se vai reflexar, porque xa sabes que hai moita competencia deses países do Sul que producen por catro patacóns porque están mortos de fame, e ademais teñen moitas extensións para producir barato, pero bueno, no contrato sí que podemos poñer unha "referencia" de prezo, que xa sabemos que é só iso, unha referencia, pero máis que nada é, ¿non?."



O negocio é redondo: imos exportar máis, imos producir máis, imos destinar máis diñeiro dos nosos impostos non só á Banca ou ás empresas fabricantes de coches, senón tamén a todas aquelas que me pagan cada día menos polo que fago porque, como van a exportar, teñen axudas á exportación, por acordo político - legal!!!

É o negocio do século, sácanmo no prezo por aquelo do mercado e sácanmo nos impostos por aquelo do mesmo mercado.


E a pregunta que o menos común dos sentidos se faría será: ¿e non habería menos crises sen tanto mercado, sen tantos acordos e sen tantos "mandamáis" que o único que fan cada vez que fan algo é SALVAR A QUEN ELES QUEREN DAS SÚAS CRISES, COA SUOR DAS PERSOAS DO NORTE E DO SUL?

E a loita continúa... en Extremadura o día 30 diante dos e das "mandamáis" da U.E. Alí estaremos a xente que suamos.

nº 278
Maio do 2010 FOUCE

O noso seixo *NON* é a súa mina

Un mes despois do concerto en Muimenta da Caravana de Galiza Non se Vende, e da manifestación celebrada ao día seguinte en Santiago de Compostela, a Comisión de Asociacións en contra das Minas da Terra Chá continúa coa súa acción reivindicativa e de denuncia, dando conta das consecuencias que a actividade mineira na Terra Chá traería consigo de levarse finalmente a cabo.



Mapa ilustrativo das concesións mineiras solicitadas na Terra Chá.

Dende fai un mes temos unha situación novidosa no aspecto lexislativo que agrava a situación da loita contra as minas na Terra Chá.

O "salvavidas" co que contabamos era a prohibición da actividade extractiva en solo rústico de protección agropecuaria, é dicir, practicamente o 100% do territorio afectado pola solicitude da empresa ERIMSA.

Mais o sector da minaría non cesou na presión sobre os nosos gobernantes, e o que non conseguiron na anterior lexislatura acábano de conseguir co actual goberno do Partido Popular.

O pasado 31 de marzo publicábase no DOG a modificación da Lei do Solo, figurando a substitución da prohibición existente de realizar actividades mineiro-extractivas en solo rústico de protección agropecuaria pola "posíbel autorización por parte da comunidade autónoma". Polo tanto, coa actual lexislación levántase a prohibición e pasa a ser autorizable.

Que significa isto na práctica?: Que o goberno actual vai autorizar ou non a actividade extractiva dependendo da presión que sexamos capaces de facer, e de que vexan perigar un puñado de votos, ou a Deputación. É triste que o futuro da Terra Chá dependa duns votos pero quen vivimos aquí temos claro que esta é a realidade

Festival reivindicativo

Diante desta situación, a Comisión de Asociacións decidimos organizar unha nova xornada–festival para seguirmos denunciando esta situación e demandar a anulación da solicitude de extracción de seixo na Terra Chá solicitada pola empresa ERIMSA.

Esta Xornada celebrouse o sábado 22 de maio, no recinto de Moexmu (Mostra Exposición de Muimenta), dende a tarde até a noite, e contou con actos informativos, co apoio de persoeiros públicos e coas actuacións musicais de grupos coma Ruxe-Ruxe, Zenzar, De Perfil, Banda Potemkin e García Mc .

Tamén asisitiron especialistas na materia, coma Vidal Romani, presidente do Inituto Universitario de Geoloxía Isidro Parga Pondal.

Esta xornada informativa e festiva , ademais de ter coma obxectivo conseguir que a nosa reivindicación trascenda, servíu para xuntármonos veciños e veciñas e debater en común a estratexia a seguir nesta loita.

FIARE, a banca ética



Como sabedes, logo da publicación no fouce anterior, o proxecto de Banca Ética Fiare vén de comezar a súa andaina en Galiza tras a constitución da Asociación Fiare Galiza, da que formamos parte no Sindicato Labrego galego.

Neste momento o proxecto queda representado xa en 8 territorios do Estado. Ademais de Galiza, existe grupo en funcionamento en Euskal Herria, Catalunya, Castilla y León, zona centro (Madrid e Castilla La Mancha), zona sur (Andalucía e Extremadura) e Valencia. Actualmente somos 13 as entidades galegas socias e atopámonos á procura de establecer os obxectivos para o ano 2010.

Por este motivo, estamos realizando un inquérito, co fin de establecer, de maneira aproximada, o número de persoas que, a título individual, estarían dispostas a colaborar co proxecto.

Como participar?

A través dun investimento mínimo de capital social de 300 €.

Cómpre mencionar que ao investir no capital de Fiare, non estamos aforrando uns cartos, senón que estamos adquirindo un compromiso ca banca ética Fiare. Nunha etapa próxima poderemos empezar a aforrar con Fiare para que os nosos cartos sexan destinados ao desenvolvemento de proxectos éticos e de sustentabilidade socioambiental.

En calquera dos casos, pódese solicitar en calquera momento o seu retorno e devolveranse integramente no caso de que non se constitúa a Cooperativa de creto, que é o que se persegue con este proxecto.

Coa recollida de capital social, o Proxecto Fiare pretende desenvolver un dos seus alicerces fundamentais: pór en mans da cidadanía e entidades o proxecto de banca ética, de tal xeito que sexan estas non só clientes/as, senón as donas reais do proxecto, sobre a base dunha estrutura na que a construción social do proxecto desenvólvese paralelamente á súa actividade financeira.

■ **Para máis información:**
www.fiare.org
fiaregz@proyectofiare.com
www.sindicatolabrego.com
nacional@sindicatolabrego.com

Charo Sánchez Parga, Responsábel de Medio Ambiente, Terra e Montes do SLG

As consecuencias dos agrotóxicos
EFECTOS NA SAÚDE

En anteriores números do Fouce falamos dos efectos dos agrotóxicos, non só na saúde, senón tamén nos nosos petos, entre outras cousas. Hoxe imos ver porqué dende o SLG temos un posicionamento claro na contra do uso dos agrotóxicos na alimentación e nas persoas.

A contaminación, a erosión, a perda da biodiversidade, os lumes ou o éxodo rural son consecuencias do sistema actual de produción intensiva e desvinculado da terra. No sector primario da produción de alimentos, unha consecuencia deste modelo intensivo son os agrotóxicos e os biocidas, sustancias moi perigosas para a saúde e que moitas veces aplícanse indiscriminadamente ao medio ambiente.

¿Son saudables as coñecidas **froitas e hortalizas** cultivadas con abundancia de abonos químicos, herbicidas e toda clase de pragicidas compostos de sustancias químicas de sínteses?

Os estudos periódicos sobre a saúde poboacional e os hábitos alimentarios sinalan sobre todo a existencia dunha alimentación desequilibrada –a baseada en produtos de baixa calidade e desvitalizados- coma factor decisivo no desenvolvemento de numerosos trastornos de saúde e diversas patoloxías que existen na actualidade.

No caso concreto dos pesticidas, normalmente entramos en contacto con eles a través de pequenas cantidades, mais trátase da combinación dunha grande variedade de pesticidas, dos que non se sabe que efectos terán sobre a nosa saúde unha vez se vaian acumulando no noso organismo. Ademais, os efectos negativos poden potenciarse nas labregas e labregos, xa que temos periódicamente longas épocas de exposición aos pesticidas.

Os estudos constatan que o contacto con pesticidas e biocidas aumentan as posibilidades de desenvolver: cancro (no caso de 90 dos pesticidas autorizados actualmente pola UE), malformacións conxénitas, problemas de fertilidade, problemas neurolóxicos, debilitamento do sistema inmunolóxico, perturbacións do sistema hormonal (no caso de 50 dos pesticidas autorizados).

Mais non só nos vexetais atopamos ditas sustancias, na **produción de carne** a problemática é a mesma, a obsesión capitalista por dar prioridade á máxima produción cunha rendibilidade ao mínimo custe posible só pode conseguirse con prácticas como o emprego de hormonas ou anabolizantes como o Clambuterol, que fai que un xato vaia ao matadoiro con seis meses de vida, cando o normal serían nove, ademais de dar unha cor mais rosada á carne e conseguir un aumento dun 20% do seu peso nos derradeiros 15 días de vida acumulando auga que despois nos venden como carne.

Outro exemplo son os polos de granxa que crían en mes e medio e son vendidos como carne saudable. Isto só é posible mediante unha forzada sobrealimentación, ao tempo que permanecen inmóbeis por falla de espazo, expostos a luz artificial para acelerar os procesos metabólicos e atiborrados de medicamentos e antibióticos para que poidan superar o estado de desequilibrio no que se desenvolven.



Unha mazá Golden ou Starky, por exemplo, recibe unha media de 20 a 30 tratamentos químicos mentres está na árbore. Logo é recollida antes de madurar e, tras ser somerxida en dous ou tres baños de produtos químicos - funxicidas-, é almacenada en cámaras frigoríficas na espera do mellor momento para comercializarse. Chegada a data será gaseada con etileno, que activa a maduración, e posta á venda.


ALGUNHAS CONSECUENCIAS DOS PRAGICIDAS

Dende mediados do século XX numerosas especies, moi diferentes entre sí e localizadas en diferentes áreas do planeta, están sufrindo alteracións do seu sistema hormonal debido a exposición a sustancias sintéticas.

Que é o sistema endocrino e como nos afectan os agrotóxicos nel?

O sistema endocrino coordina e regula, mediante unhas sustancias químicas chamadas hormonas, numerosas actividades vitais incluíndo o metabolismo, a reprodución ou o desenvolvemento embrionario e fetal.

Unha alteración da cantidade de hormonas no momento do desenvolvemento embrionario pode causar graves danos a descendencia.



Os disruptores endocrinos (presentes na agricultura coma compoñente dos pesticidas en forma de Clozolinato, Dieldrín, Endosulfán, Hexaclorohexano, Hidroxitolueno, Hidroxianisol butilado, etc.) son sustancias químicas capaces de alterar o equilibrio hormonal. Teñen efectos adversos sobre a saúde dun organismo ou da súa descendencia, como consecuencia de alteracións na función endocrina.

Os denominados disruptores endocrinos e hormonais desempeñan un papel fundamental no desenvolvemento de procesos humanos que van dende a produción, os comportamentos, a intelixencia ou o funcionamento do sistema inmunolóxico. Relaciónanse, por exemplo, coa diminución de cantidade ou calidade dos espermatozoides nos varóns.

Un estudo realizado no ano 1993 en Suecia entre varóns de 30-40 anos no que especificábase a actividade profesional dos mesmos, revelou que os niveis máis baixos de espermatozoides e máis desvitalizados (infertilidade) atopábanse nos traballadores de certas industrias químicas e nos labregos convencionais (que empreguen químicos) mentres que os niveis máis altos atópanse nos labregos ecolóxicos.

Un estudo estatístico do ano 1999 da universidade de Granada, mostrou claramente que as rapazas que moran nas zonas intensivas de produción convencional de Almería, Granada e Cordoba, onde o abuso de abonos químicos e pragicidas e máis elevado, relacionase co adianto na puberdade das rapaza. Nos anos 40 era aos 16-17 anos, hoxe atopamos rapazas con menstruación en idades moi tempranas como os 8-9 anos, o cal aumenta en ditas rapazas as probabilidades de padecer cancro de mama ou útero.

Queremos producir alimentos sans e de calidade polo que temos que afastarnos do modelo imperante que ademais de envelenarnos a nós e as persoas que consumen os nosos alimentos, envelenan a terra que é a base do noso traballo e xeran dependencia total das grandes cadeas comerciais de agrotóxicos, que a fin de conta son as que resultan beneficiadas deste sistema de produción, e as que o fomentan e louvan.

Os resultados dunha análise de residuos nunha hortaliza de consumo común como é a leituga, amosa restos dos seguintes compoñentes: Chlorothalonil (cancerígeno), Iprodione (sospeitoso de ser cancerígeno e perturbador endocrino), Procymidone (cancerígeno e perturbador endocrino), Vinclozoline (cancerígeno, perturbador endocrino e reprotóxico), Deltamethrine (perturbador endocrino), Propyzamide (cancerígeno e sospeitoso de ser reprotóxico).

Concentración de tódolos sindicatos diante da distribución n´A Coruña

O 29 de abril o SLG, UUAA, XXAA e AGACA celebraron unha concentración informativa diante dunha superficie comercial da cadea DIA n´A Coruña, para sensibilizar e denunciar diante das consumidoras e consumidores as prácticas de extorsión que as multinacionais da distribución -entre elas DIA- practican para impoñer prezos ruinosos que conlevan o peche de milleiros de explotacións leiteiras na Galiza e en toda Europa.

Nese senso, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, enmarcou ditas prácticas na responsabilidade que os gobernos están tendo no empeoramento da situación, seguindo a propoñer maior desregularización dos mercados e maior liberalización da produción, na próxima reforma da PAC.

O SLG recordou que os ministros e as ministras de agricultura da UE, que se reúnen en Mérida a finais deste mes, vanse atopar o día 30 cunha resposta das labregas e dos labregos, convocados/as polas organizacións que forman parte da Coordenadora Europea Vía Campesina -da cal o SLG é membro-, para que a reforma da PAC que están a elaborar signifique o mantemento de explotacións en base a ter prezos que cubran custes de produción, para o cal é imprescindible que se regulen os mercados e se controle a produción, non permitindo ás multinacionais que acaben co tecido agrario galego e de toda a Unión Europea.



O SLG enmarcou a política de extorsión que practican as multinacionais da distribución na responsabilidade dos gobernos.

Non máis impagos no sector agrogandeiro!!

O SLG reclama -para o sector produtor- o cobro a 30 días como calquera outro traballador/a. Tamén que se equiparen as nosas relacións comerciais coa industria e almacenistas coas que existen no mundo do traballo asalariado, creando un órgano mediador que interveña antes da vía xudicial.

O Sindicato Labrego, ten detectado varios casos de retrasos nos pagamentos das producción agrarias, e mesmo algúns de impagos, por parte da industria.

Esta situación resulta insostible para as explotacións, máxime nun momento no que se está traballando nalgúns sectores como o do leite por debaixo dos custes de producción.

Algúns destes exemplos no sector do leite son os impagos de: LEITECO (Friol), LÁCTEOS TAMBRE (Oroso), LÁCTEOS ALDACA (Sobrado), QUEIXERÍA MACAN (Taboada); Os retrasos de EUGENIO REY SANCHEZ (de Melide) e CELGA (Central Leiteira de Cuntis), e o caso de ARQUEGA (de Aranga) que se quedou cos cartos da supresión da supertaxa da campaña 2008-2009.

Nos sectores de horta e kiwi son considerables os retrasos que superan os 90 días.

No sector do viño, amais dos retrasos xeralizados en todas as comarcas, hai impagos de ADEGAS GALEGAS (en Rias Baixas e Valdeorras), COOPERATIVA de SAN ROQUE en Beade (Ribadavia), e COOPERATIVA de LAROUCO (en Valdeorras).

Neste sector articúlanse anualmente axudas do IGAPE para que os viticultores/as con contratos homologados poidan pedir creto para cobrar a tres meses as uvas que adoitan cobrar a un ano.

Este mecanismo de anticipo, cuios xuros computan nas axudas de MINIMIS non é garantía de cobro.

O SLG presentou recurso nos tribunais por inxusto, xa que debería ser a industria quen respondese polo anticipo e non o propio productor/a.

É responsabilidade do Goberno da Xunta poñer en marcha medidas para que as persoas que nos adicamos a producir alimentos cobremos pola venta destes produtos aos 30 días da súa entrega, como calquera outro traballador/a.

É o seu deber articular o marco normativo necesário para equiparar as relacións do sector primario de producción de alimentos coa industria, ás relacións do mundo do traballo, creando ademais un órgano mediador que de xeito gratuíto interveña nos problemas cos pagamentos como opción previa á vía xudicial, como se fai no mundo laboral.



O pasado 12 de maio, a coordenadora comarcal da Terra Chá e representante do SLG na *Comisión de asociacións afectadas polas minas*, participou na palestra "As minas de cuarzo na Terra Chá" organizada pola mocidade do centro social Madialeva de Lugo.



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, participou o 19 de abril nunha mesa redonda sobor do futuro do medio rural galego, programada nas xornadas sobre economía, xornalismo, lingua e movementos sociais "O Mundo na encrucillada", organizadas polos Comités Abertos de Facultade (CAF).

Entrevistámonos co Subdirector Xeral de Gandaría da Consellaría de Medio Rural

ESCASOS COMPROMISOS

O pasado 21 de abril, cinco gandeiros e unha gandeira produtores de carne das zonas de A Lama, Fornelos de Montes, Pontecaldelas e Cotobade, canda o gandeiro e Secretario de Sectores Gandeiros do SLG (Adolfo Cabarcos) e o Coordenador Comarcal de Tabeirós -Terra de Montes (Marcos Louzao), entrevistáronse co Subdirector Xeral de Gandaría da Consellaría do Medio Rural (CMR), Manuel Castro-Gil Amigo.

Abordamos os problemas derivados do saneamento gandeiro -sobor de todo en gando que se atopa en montes veciñais en man común-, a dificultade para dar de alta os animais que nacen nas explotacións - os gandeiros/as do interior da zona de Pontevedra teñen que se desprazar entre 30 e 40km para realizalas, o mal funcionamento do teléfono do Centro de Información ao Agro Galego (CIAG), así coma o protocolo de actuación diante das reiteradas mortes e abortos logo da vacinación da lingua azul e os ataques da fauna salvaxe aos animais das explotacións.



Na Foto, de esquerda a dereita: Adolfo Cabarcos, Arturo Baqueiro, José Fernández, Hipólito Piñeiro, Mercedes Alonso, Manuel Miguel Vales e Marcos Louzao.

1. Saneamento gandeiro.

Dimos conta da existencia de situacións nas que, por mor dunha explotación que convive con outras na mesma unidade sanitaria, as follas de saneamento retrásanse até catro meses (o que imposibilita a venta do animal). Solicitamos, polo tanto, que fora a Administración quen se ocupara de presionar a estas explotacións concretas para que cumpran co saneamento.

O Subdirector Xeral de Gandaría da Consellaría do Medio Rural, insistiu en que nestes casos teñen que ser os veciños e veciñas quenes se enfronten entre eles, indo a chamarlle a atención á explotación que presente problemas. Manuel Castro-Gil únicamente comprometeuse a colaborar dende a Subdirección Xeral de Gandaría realizando charlas informativas cos gandeiros e gandeiras, proporcionando ademais un documento sinxelo no que se recollerán as recomendacións a ter en conta para o cumprimento das normas sanitarias.

2.Altas dos animais

Solicitamos que se dote de persoal a Oficina Agraria Comarcal de Pontecaldelas con alomenos unha persoa que tramite unha vez á semana as altas - evitando deste xeito os desprazamentos de até 40km. que se están a realizar hoxe en día-, Manuel Castro-Gil anunciou que este trámite, así como o das guías, poderanse facer proximamente vía internet...

Logo de facerlle ver que a inexistencia de cobertura na alta montaña, xunto cos escasos coñecementos de informática dos gandeiros e gandeiras imposibilitan esta medida; Manuel Castro-Gil anunciou que estes trámites poderanse realizar dende todos os concellos, pero non garantiu que os concellos asuman esta nova tarefa que é competencia da Xunta.

3. Telefono do Centro de Información ao agro galego.

Expuxemos que pasan días sen poder contactar con este servizo, ao que Castro-Gil contestou recoñecendo a existencia de determinados "picos" na demanda deste servizo, o que bloquea as liñas.

Dende o SLG valoramos que estes "picos" deberían ser abordados cunha certa previsión, xa que moitas veces veñen motivados por indicacións que se dan dende a propia CMR. Por exemplo, se durante unha fin de semana non concede permisos para queimas e logo levanta a prohibición, xa deberían prever que o número de chamadas neses primeiros días vaise ver intensificado. Tamén consideramos vinculado este mal funcionamento a redución importante de persoal, achacada á falla de orzamento.



Momento da xuntanza co Director Xeral, Manuel Castro Gil Amigo.

4.Fauna Salvaxe

Dende a Subdirección Xeral de Gandaría trasladarase as inquietudes manifestadas polos gandeiros e gandeira á Dirección Xeral de Conservación da Natureza -coa que o SLG xa se reuniu o pasado 24 de febreiro por este mesmo motivo-, ficando comprometido a comunicarnos que medidas serán adoptadas neste sentido.

5.Lingua Azul

O problemas coa vacina da lingua azul véñense dando dende o ano 2008, no que se deu inicio á campaña de vacinación. Son constantes as mortes e abortos de reses logo da aplicación da vacina.

Castro-Gil resumíu que estas mortes debíanse ao estrés dos animais ou en certos casos ás baixas defensas dos mesmos, recoñeceu que si que está a haber problemas e que se está a compensar economicamente ás persoas ás que, nos dez días seguintes á vacinación, lles morren os animais.

Dende o SLG faremos un seguimento aos compromisos e seguiremos reivindicando solucións para os problemas dos gandeiros e gandeiras.

A supresión dos comedores escolares: un ataque para a infancia e para o rural

A Consellería de Educación, que dirixe Jesús Vázquez, prevé para o vindeiro curso escolar o pechamento de comedores escolares e a eliminación de máis de 71 postos de traballo en diferentes zonas rurais das catro provincias galegas. A solución que se lles está trasladando ás familias por parte da Administración é que os nenos e nenas se alimenten mediante un servizo de *catering*.

A solución que se lles está trasladando ás familias por parte da Administración é que os nenos e nenas se alimenten mediante un servizo de *catering*.

Se xa era reprobable a escasa dotación económica coa que se financiaba aos comedores escolares e que, por suposto, condicionaba a compra dos materiais necesarios para darlle de comer cada día ao alumnado, agora preténdese dar unha volta de torca máis no empeoramento da alimentación dos nosos nenos e nenas.

En nome dunhas supostas políticas de aforro e austeridade, recortan en aspectos directamente relacionados coa saúde da infancia.

Xa era criticable que non se investise en proporcionarlles ás novas xeracións alimentos saudables: sen residuos, frescos, de temporada…, malia a que cada vez son máis frecuentes os casos de obesidade infantil e outros problemas de saúde relacionados directamente coa alimentación.

Nada que ver cos programas que moitos dos nosos veciños europeos teñen, por exemplo, para introducir nas escolas alimentos ecolóxicos.

A entrada de empresas privadas na xestión dos *catering* introducirá como criterio fundamental a busca dun beneficio económico para as mesmas, o que se realizará ou ben incrementando o custo ou ben a través dun empeoramento da calidade.

Neste momento, moitas persoas da comunidade educativa están a levar adiante diferentes actos de denuncia para evitar esta pésima decisión e as súas consecuencias, posto que a alimentación básica dos nenos e nenas se realizaría en todo caso con comida elaborada noutros lugares e logo requentada sistematicamente.

De novo ao medio rural volveunos a tocar o premio, xa que a maioría das localidades nas que pretenden suprimir os comedores teñen poucos habitantes.

Por unha banda, din estar preocupados polo abandono do rural e a continuación deciden eliminar os poucos servizos existentes.

Mentres, segundo recollen os medios de comunicación, esta mesma Consellería de Educación dedica 1.000.000 de euros en promocionar o decreto do galego, que acaba de aprobar en contra do sentir da maioría dos membros da comunidade educativa. Dende o Sindicato Labrego Galego, apoiamos as xustas reivindicacións das persoas que se mobilizan pola supresión dos comedores escolares e agardamos que a Consellería reconsidere unha decisión que atenta contra a saúde dos nosos nenos e nenas e tamén contra o noso medio rural.



Dazasete de maio, Día das Letras Galegas

Só en galego Galiza ten futuro



A lectura colectiva do manifesto entre varios voceiros e voceiras tivo que repetirse unha segunda vez, posto que moita xente inda non chegara á Praza do Obradoiro na primeira quenda. Na imaxe, intervención de Xosé Lois González, *O Carrabouxo.*

Un ano máis, o Sindicato Labrego Galego participou na manifestación do 17 de maio, Día das Letras Galegas, reivindicando o orgullo que sentimos pola nosa fala e a firme vontade de loitarmos por ela.

O idioma é para a inmensa maioría das labregas e labregos, e do resto dos galegos e galegas, un patrimonio propio, único, insubstituíbel. Sentimos o galego como algo noso. É a nosa creación máis valiosa e perténcenos.

Poucas dúbidas hai de que se Galiza ten hoxe un certo grao de autogoberno, cunhas institucións propias, é, nunha parte fundamental, debido a termos unha lingua e unha cultura propias.

Lamentabelmente, desde hai un ano temos un presidente e un goberno da Xunta que parecen non decatarse de que se están aí é grazas a termos un idioma de noso.

Incumpren de forma incívica o mandato estatutario de promover o galego e andan ás patadas con el. O mellor exemplo desta política tan lesiva é o decretazo contra o galego, que, por exemplo, varre a nosa lingua da educación infantil nas cidades e prohibe ao profesorado o seu uso nas materias do ámbito científico-técnico.

A sociedade galega está a responder mobilizándose contra a extinción da nosa lingua e reclamando ás institucións que cumpran coa súa obriga de promovela, para garantir a igualdade de coñecemento, a igualdade de dereitos e a igualdade de oportunidades.

O Sindicato Labrego Galego forma parte da plataforma Queremos Galego, xunto con máis de 700 entidades de todo tipo, e xuntas, chamamos á sociedade a manter aceso o facho da defensa do noso idioma.

Ademais, anima ao conxunto da cidadanía a que apoie coa súa sinatura a proposición de lei de garantía dos dereitos lingüísticos.

Gañar as eleccións non significa poder exercer o poder de maneira absoluta.

Merecemos uns gobernantes responsábeis que non estean a xogar co noso existir e que cumpran coa súa obriga de usar, defender e promover a lingua que nos une como galegas e como galegos.

Só en galego Galiza ten futuro!

Chamamos á sociedade a manter aceso o facho da defensa do noso idioma



A retranca, fermosa ferramenta de reivindicación ao servizo do pobo galego. Na imaxe, un toxo na Catedral de Santiago de Compostela, pendurado no transcurso da mobilización.

Denunciamos os abusos das grandes superficies

Por un comercio xusto, no Norte e no Sur



Por segundo ano consecutivo, o Sindicato Labrego Galego, a organización de comercio xusto Amarante, a organización ecoloxista Verdegaia, e as cooperativas de consumo consciente A Gradicela e Árbore, unímonos o pasado 8 de maio para celebrar o Día Internacional do Comercio Xusto, co lema "Por un comercio xusto no Norte e no Sur".

Esta ano a acción de reivindicación centrouse en analizar e reclamar a responsabilidade das grandes superficies nas condicións de vida de milleiros de persoas no Norte e no Sur, tanto no sector do agro coma no do téxtil, así coma o impacto ambiental que conleva o modelo empresarial destas grandes canles de distribución, que provoca grandes eivas humanas e medioambintais a nivel mundial.

Na actualidade, Carrefour, Mercadona, Eroski, e Alcampo controlan máis do 50% do mercado de alimentación.

Isto ten coma unha das consecuencias a imposición de prezos dos alimentos que nos mercan ás persoas labregas, onde a presión é cada vez máis grande, e os prezos que estas multinacionais marcan están levando á desaparición das explotacións agrarias por imposiblidade de vivir co prezo que nos pagan polos nosos produtos.

Esta situación de abuso provoca tamén unha maior diferenza entre o prezo que se paga ás labregas e labregos e os prezos de venta ás persoas consumidoras, orixinando uns enormes beneficios para estas grandes multinacionais.



Mercados transparentes de alimentación e roupa e actividades lúdicas, foron algunhas das accións que se desenvolveron en Vigo e Santiago para achegar á cidadanía galega información sobor dos abusos que as grandes multinacionais realizan tanto cara aos produtores e produtoras do Norte -as labregas e labregos da Galiza sabémolo ben- coma nos países do Sur. Nestes mercados transparentes visibilizamos tamén as grandes diferenzas existentes entre o que se paga ás produtoras/es e o que pagan as consumidoras/es. [*Na imaxe, a Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire Cruces, participando no mercado reivindicativo de Santiago de Compostela, que tivo lugar no barrio de S. Pedro.*]

No 2006 existían xa no territorio español 359 hipermercados (8.000 m2) e 6.632 supermercados (870 m2).

A apertura dun hipermercado ou centro comercial causa unha media de 276 perdas de postos de traballo e o peche do pequeno comercio nun radio de 12km. No 2007 se pechaban ó día 11 pequenos comercios de alimentación.

O cacarexado beneficio económico de ter unha grande superficie na comarca, queda desmintido cando se comproba a perda do tecido económico local do pequeno comercio. Nel, o 50% do que gastan as consumidoras/es retorna á economìa local, namentras que nas grandes superficies só chega ó 5%.

Para facer fronte a esta situación, demandamos mercados curtos de comercialización, outro modelo de política agraria e comercial que garantan as condicións laborais e de vida e do sustento das persoas traballadoras por riba dos intereses e os beneficios das multinacionais e as consideracións e que se mire polo impacto ambiental deste modelo insostible de comercialización.

As responsables desta situación son as políticas agrarias -tanto do Estado español como da UE- que están a permitir este tipo de actuacións, apoiando un e modelo de produción que aumentan os beneficios das grandes corporacións agroalimentarias e de distribución á costa da cidadanóia

Carrefour, Mercadona, Eroski e Alcampo controlan máis do 50% do mercado de alimentación



Esq. a der.: Dolores e Carmen, afiliadas do SLG na comarca de Compostela.

Enfermidades profesionais na agricultura

Cofinanciado por: XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Cales son? Que hai que facer? Que prestacións se reciben?

As actividades agrarias conlevan unha serie de riscos que poden conducir á aparición de enfermidades. Algunhas destas enfermidades, xunto cos factores de risco capaces de producilas, descríbense a continuación.

Enfermidades musculares e óseas

As posturas forzadas, os movementos repetidos e a manipulación manual de cargas moi pesadas, ocasionan numerosos trastornos musculares e óseos, como dor de espalda crónico e dores lumbares.

Tamén inflamación ou irritación das membranas que recubren os tendons dos hombros, codos ou muñecas. Ademais, o esforzo excesivo e a fatiga resultante poden incrementar os riscos de accidente.

Enfermidades respiratorias

Os pós, fumes, gases ou vapores poden danar ás vías respiratorias (pulmón, gorxa, nariz) cando os respiramos, ocasionando diferentes enfermidades profesionais coma tose, dificultade para respirar, febre, ruidos no peito, etc.

Cando consultes con un sanitiario ou sanitaria, non te esquezas de comentarlle que traballos desenvolveches e que sustancias manexaches, por si estas poideron ser a causa. As enfermidades respiratorias máis frecuentes entre os labregos e labregas son a bronquite crónica, o asma, a rinite e a alveolite alérxica extrínseca.

Enfermidades da pel

A pel normal e intacta constitúe unha barreira altamente eficaz contra o desenvolvemento das enfermidades da pel. As dermatoses profesionais pódense producir por axentes químicos, biolóxicos e físicos.

As substancias químicas que entran en contacto coa pel poden ter un efecto local a nivel cutáneo (dermatite de contacto) ou poden absorberse, penetrar no organismo e chegar a outros órganos internos. As infeccións cutáneas poden orixinarse tamén polo ingreso de axentes patóxenos a través dunha lesión (trabadura, rabuñazo ou picadura) ou a través da superficie da pel sana.

Tamén poden producir enfermidades os axentes físicos, coma a calor, o frío, as vibracións e os axentes mecánicos, a fricción e a presión, e sobor de todo, a luz solar.

Enfermidades infecciosas e parasitarias

As enfermidades infecciosas e parasitarias prodúcense por estar en contacto cos animais en ambentes contaminados.

O contaxio pode ser por contacto directo das mans ou mucosas co animal ou con materias e sustancias derivadas dél (pelos, carne, reses mortas, osos, productos residuais, abortos, matanza, ...), por vectores (animais ou material contaminado), por inhalación (respirar) en ambentes contaminados (cortees, silos, …) e tamén por comer produtos contaminados.

As máis importantes son o tétano, o carbunco, a leptospirosis, a brucelose, a hidatiose, a tularemia e a tuberculose bovina.

Cancro profesional

A exposición laboral a productos fitosanitarios e moi frecuente debido a súa utilización para aumentar o rendimento do solo e para o combate de pragas. Os biocidas tamén son utilizados no ambiente doméstico.

Mais a exposición a estes produtos sen tomar as precaucións debidas, provoca efectos a longo prazo que inclúen tumores inmunolóxicos, neurotóxicos e reprodutivos, polo que é importantísimo empregar equipos de protección canto entremos en contacto con eles.

Logo da aplicación, a exposición aos praguicídas pode producirse por escape de gases, dispersión por acción do vento ou contacto coas prantas a través da pel e da roupa.

Os labregos e labregas presentan maior risco de certos tipos de cancros, como os que afectan ao cerebro, ao estómago, aos sistemas linfático e hematopoiético, aos beizos , a próstata e a pel.

Prestacións da Seguridade Social

Os traballadores e traballadoras **por conta propia do SETA** teñen a obriga dende o 1 de xaneiro de 2010 de de optar por cubrir as continxencias profesionais con unha Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

As prestacións que se ofrecen son :

- **Asistencia sanitaria:** A Mutua / S.S encargase integramente dos gastos que señan necesarios para unha completa recuperación: hospitalizacións, intervencións quirúrxicas, medicamentos e visitas a especialistas.
- **Incapacidade temporal:** O subsidio por incapacidade temporal será do 75% da base reguladora a partir do dia seguínte da baixa médica.
- **Incapacidade permanente en todos os seus grados e lesións permanentes non invalidantes:** si despois da alta médica a enfermidade profesional ocasiona lesións irreversibeis, a S.S (ou Mutua) indemnizaráte con un tanto alzado ou faráse cargo da pensión vitalicia. Esta cuantía varía tendo en conta a base reguladora e a incapacidade do enfermo.
- **Prestacións por pasamento:** No suposto de falecemento, os fillos/as beneficiaránse dunha indemnización a tanto alzado ou dunha pensión.

Ruidos e vibracións

O ruido e as vibracións constitúen dúas das agresións mais importantes que sofre todo conductor ou conductora de maquinaria agrícola.

O ruído pode provocar xordeira profesional a longo prazo e, varias horas logo da exposición, irritabilidade e tensión nerviosa.

As vibracións de baixa frecuencia transmitidas ao corpo do conductor ou conductora poden causar danos na columna vertebral e osteomusculares en xeral, ademais de incrementar a fatiga.

Que facer en caso de sospeita de enfermidade profesional?

Se es un traballador ou traballadora por conta allea, acode a un centro asistencial da Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social coa que teña cuberta as continxencias profesionais a empresa para a que traballas. Se non coñeces a que mutua pertence a túa empresa, pide esta información a algunha persoa responsable da mesma.

Senón é necesaria a baixa, o servizo médico facilitaráche un xustificante médico de asistencia, sobre todo se o necesitas para entregalo na túa empresa.

Se pola contra é necesaria a baixa, os servizos médicos facilitarán dous exemplares do parte médico de baixa, un deles quedará no teu poder e o segundo deberá ser entregado á empresa, por ti ou por outra persoa, para acreditar a situación de baixa laboral.

Se quen te atende son as doutoras/es do teu servizo de Prevención de Riscos Laborais, cóntalles as tarefas que desempeñas, para que revisen os teus riscos laborais, e poidan activar as medidas preventivas no teu traballo.

Cando a Mutua valore que a enfermidade é profesional, elaborará e tramitará o Parte de Enfermidade Profesional a través do sistema CEPROSS.

Se es labrega/o (e estas no SETA) o procedemento é o mesmo que no caso anterior. Ou podes ir antes ao o teu médico/a de cabeceira - dille que traballas no agro-, para que comprobe se a túa enfermidade deriva do traballo que realizas, e poidas, en consecuencia, ir á túa Mutua, ou ben darche xa nesa mesma visita o parte de baixa por enfermidade profesional (se tes as coberturas de IT co INSS).

Gandeiros e gandeiras de todo o Estado concéntranse en Madrid

Reclamamos prezos xustos para o leite

Na mañá do 6 de maio máis de medio milleiro de gandeiras e gandeiros de todo o Estado español concentráronse diante do Carrefour da Glorieta de Cuatro Caminos en Madrid, en denuncia do "abuso de poder das industrias e da distribución comercial".

A Secretaria Xeral, Carme Freire Cruces, presente nesta reivindicación canda unha delegación de gandeiros e gandeiras produtores de leite do SLG, reiterou que, se ben as prácticas extorsionadoras da distribución constitúen un gravísimo impedimento á hora de conquerir un prezo xusto para os produtores e produtoras, "a responsabilidade central recae nos gobernos por levar adiante unha política de total desregularización."



De esq. a der.: Isa Vilalba -Secretaria de Servizos ao Medio Rural, Carme Freire -Secretaria Xeral- e Gómez Santiso -Coordenador de Sectores Gandeiros- na concentración de Madrid.

Cómpre unha regulación que garanta que os produtores e produtoras acaden prezos que cubran custos e remuneren o seu traballo, ao tempo que os consumidores/as teñan un prezo lóxico, non inflado a través das marxes comerciais de beneficio das industria e distribución, é dicir: sen especulación sobre os produtos alimentarios.

Neste senso, lembrar que arestora estamos inmersas nun proceso clave para tódolos sectores produtivos, pero en especial para o sector lácteo, xa que estase a negociar a PAC 2013.

É imprescindíbel que nesta futura Política Agraria Común se estableza unha clara regulación dos mercados e da produción para a consecución dun mercado de alimentos positivo para produtoras/es e consumidoras/es, en substitución do escenario de especulación2 do que adoecemos arestora.

Mais até termos unha política que regule o actual mercado do leite, tanto as institucións comunitarias, coma as estatais e nacionais galegas, teñen que intervir na medida das súas competencias, dado que no Estado español estase a pagar un prezo superior polo leite ao pagado na Galiza, malia a sermos as maiores produtoras do Estado. Nestes momentos temos o pago ao produtor/a máis baixo da Europa, mesmo en Gran Bretaña que historicamente tivo un prezo moi baixo polo leite, arestora está máis alto que na Galiza.

A Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire, voltou afirmar dende Madrid que "a do mercado de alimentos é unha situación na que son os gobernos, as políticas agrarias, quen teñen a posibilidade de resolvela.

A industria e a distribución teñen moita parte de responsabilidade na caída de prezos, e por iso estamos hoxe aquí, pero quen realmente pode mudar a situación son os ministros e ministras de agricultura que se reunirán en Cáceres o vindeiro 30 de maio, e é alí onde o SLG, canda outras organizacións europeas, fará sentir a forza e a determinación coa que imos levar adiante as nosas reivindicacións".

Xornada fauna salvaxe

O pasado 28 de abril labregas e labregos da Terra de Caldelas participaron nesta xornada celebrada en Montederramo.

Mantívose un debate aberto entorno á relación entra a fauna salvaxe e a agricultura e gandería, na que os afiliados e afiliadas achegaron a súa visión e experiencias particulares, así coma propostas concretas para que a conservación do medio natural e, polo tanto, das especies de fauna salvaxe, non recaia só sobre os labregos e labregas.

Aproveitamos tamén para presentar un estudo sobre a compatibilización da xestión agraria e a fauna salvaxe, elaborado mediante enquisas realizadas a labregos/as de todo o Estado español, e no que o SLG participou activamente aportando a situación particular que se dá no país e as liñas de actuación necesarias para a resolución do conflito.

Este tipo de xornadas vén a ser continuidade do traballo realizado no tocante á convivencia da produción agraria e ó mantemento da fauna salvaxe, e que o 24 de febreiro concretouse nunha xuntanza co Director Xeral de Conservación da Natureza, na que lle fixemos chegar as reivindicacións do sector respecto desta materia.



A xornada salientou pola participación e intercambio de ideas.

Curso no Reino Unido para productores/as de leite

Dende o Sindicato Labrego Galego, estamos organizando unha viaxe de intercambio ao Reino Unido para produtores e produtoras de leite. O obxectivo da mesma é ver experiencias de transformación e comercialización de leite cru dende a propia explotación. A data de saída será o **3 de setembro e a de volta o 6 de setembro** e o custo por participante de **450 euros**. Hai **18 prazas** dispoñíbeis.

Se estas interesado/a en participar, ponte en contacto co teu **local comarcal.** Esta actividade inclúese dentro da acción iformativa "*Perspectivas do sector lácteo ante a desaparición do sistema de cotas en 2015: alternativas productivas para mellorar a rendibilidade das explotacións dentro do marco da PAC*". Está co-financiada pola Dirección Xeral para a agricultura e o Desenvolvemento Rural da Comisión Europea.

A enfermidade da LINGUA AZUL I


Neste e en víndeiros números do xornal sindical Fouce daremos conta por entregas deste artigo realizado pola gandeira e enxeñeira de montes, **Eva Martín Jiménez**, publicado en abril no nº18 da revista Vacunación Libre, editada pola *Liga para a liberdade de vacinación.*

No Estado español, a obriga de vacinar contra a Lingua Azul, unha enfermidade que afecta principalmente ás ovellas, está sendo unha imposición e intromisión na sanidade animal que debería estar baixo o control de gandeiras e gandeiros, principais persoas interesadas en manter a saúde dos seus rabaños e a das persoas consumidoras.

Os efectos desta vacina a longo prazo descoñécense, aínda que ata a data diferentes colectivos denunciaron miles de mortes e de efectos secundarios, sendo silenciados e negados ante os medios para non asumir as responsabilidades e a sen razón dunha vacinación masiva e indiscriminada subvencionada con fondos públicos.

As gandeiras e os gandeiros, a parte de ter que vacinar, nalgúns casos contra a súa vontade, teñen que asumir as mortes e perdas de produción e aturar que e a súa profesionalidade sexa cuestionada, atribuíndoselle os efectos adversos a un mal manexo por parte do dono/a.

A única saída razoable a esta situación é a fin da obrigatoriedade da vacinación, como xa se fixo noutros estados da Unión Europea como Holanda, Alemaña e Inglaterra.



A Lingua Azul non é contaxionsa entre o gando. É transmitida pola picadura dun insecto do xénero "culicoides".

Historia e distribución

Cóidase que co quencemento da conca mediterránea, esta enfermidade subiu de latitude, afectando e instalándose en Europa, onde actúan como vector de momento só catro especies.

A principos do século XX detéctase a enfermidade en Suráfrica. En España e Portugal xa houbo unha infectación de LA a finais dos 50, serotipo 10, e sen ningún tipo de política preventiva desapareceu.

Atribuénselle a morte de 133.000 animais (Datos Cresa). A finais dos anos 90 o serotipo 2 chegou ó Mediterráneo: Cerdeña, Córcega, e no 2000 a Baleares (atribuíndolle unha morbilidade 14%, mortalidade 7,8 %).

Crese que os serotipos 1, 2 e 4, que afectan ou afectaron a Europa, veñen en correntes de masas de aire quente dende África, onde hai un reservorio na fauna salvaxe e doméstica.

O serotipo 8 apareceu en Centroeuropa no 2006, posiblemente polo intercambio comercial de animais vivos.

O sertotipo 6 aparece en Holanda no 2008, e a súa aparición relaciónase cunha vacina existente en Suráfrica, así como o serotipo 11 que apareceu uns meses máis tarde.

Que é a Lingua Azul?

A Lingua Azul (LA) é unha enfermidade que afecta a mamíferos rumiantes, tanto domésticos como salvaxes, presentando unha sintomatoloxía máis grave en ovellas.



Ovella afectada polo virus da lingua azul.

O patóxeno é un virus (orbivirus) do que existen no mundo 24 coñecidos con diferentes cepas, repartidos principalmente en zonas cálidas e templadas de todo o planeta. Non é contaxiosa e é transmitida pola picadura dun insecto do xénero "culicoides"- vector- do que existen unhas 1.400 especies, das cales de momento 32 actúan como vector. Tamén se transmite por semen e de xeito transplacentario. En principio, o insecto non nace infectado (sobre isto hai dúbidas), necesita picar (para completar a fase reproductiva das femias) a un animal con LA para ser portador de por vida.

A Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) considera a mortalidade desta enfermidade de ata un 10 % en ovino, e no resto de especies é practicamente inapreciable.

A enfermidade non afecta a todas as razas (ovinas) por igual e hai unhas cepas máis virulentas cá outras. Os animais que contraen a enfermidade quedan inmunizados de por vida pero non existe a inmunidade cruzada, así que só quedan inmunizados do seropositivo causante da enfermidade. Tamén inflúe o estado sanitario e xeral dos animais á hora de responder diante da enfermidade.

Nun rabaño pode haber animais que non manifesten ningún síntona xunto a outros que presenten síntomas graves. É unha enfermidade de larga convalecencia e pode ter unha morbilidade do 40%.

O virus da LA multiplícase nas células endoteliales (as que recubren o interior dos vasos sanguíneos) e disemínase rapidamente polos nódulos linfáticos rexionais e a circulación sanguínea.A lesión principal asociada á infección é o dano endotelial, que provoca agregación de plaquetas e coagulación. Esta lesión pode chegar a causar coagulación, vasculitis, edema, micro trombosis, e nalgúns casos necreosis das zonas afectadas.

O virus pode multiplicarse tamén en macrófagos e linfocitos estimulados. Na circulación sanguínea, o virus mantense durante varios meses fixado ós eritrocitos (glóbulos vermellos, ata que son eliminados da circulación polo bazo.

Signos clínicos máis destacados (*Manual práctico de operaciones en la lucha contra la lengua azu*l, Ministerio de Medioambiente, Medio Rural, e Marino): malestar xeral, depresión, febre, complicacións neumónicas, disnea, dificultades respiratorias, lesións de mucosa oral, salivación purulenta, aborto, glositis (inflamación da lingua), lingua tumefacta ou cianótica, edema submandibular, edema supraorbital, lagrimeo, coxeira.

Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia

A RECUPERACIÓN DO SECTOR DEPENDE DO PREZO EN ORIXE

As inversións públicas en crear e manter a Indicación Xeográfica Protexida, máis as condicións impostas ao sector produtor en canto a controis de calidade e gastos de inscrición, teñen que traer como contrapartida a mellora dos prezos da castaña en orixe e, en consecuencia, o aumento das rendas dos labregos e labregas que traballan os soutos. Os almacenistas non deben seguir abusando dos produtores e produtoras.

O sector da Castaña está á baixa en canto a volume de produción. Esta baixada da produción é motivada por dous factores: as enfermidades como o Chancro e a Tinta, que fan que cada ano morran moitos castiñeiros centenarios; e os baixos prezos que se pagan polas castañas, que provocan un bo número de abandonos cada ano e que as persoas que seguen a coidar os soutos sexan case sempre xubiladas.



O oriente ourensán e o sur de Lugo son as únicas zonas produtoras de castaña que quedan en Galiza. Na imaxe, souto no concello de Rubiá.

No ano 2004 comeza a creación da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) da castaña, da man da Xunta de Galiza, cos almacenistas e industria do sector, coa participación do SLG e dos outros dous sindicatos agrarios.

O Regulamento aprobado, publicado no DOG de 11/02/2009 ten as seguintes peculiaridades: as presentacións comerciais das castañas incluídas na IXP terán que ser en fresco ou conxeladas, quedando fóra a castaña seca; a certificación e o control correspóndelle ao INGACAL (Instituto Galego de Calidade Alimentaria), fíxase un custo por inscrición de 20 € para os produtores/as e de 100 € para a industria, pero non está claro o prezo final a pagar; está sen definir o local que usará como sede social a IXP, pendentes dun convenio coa Deputación de Ourense (INORDE), etc.

A IXP atópase na fase de promocionar a inscrición de produtores/as (van cerca dun cento). Neste sentido, dende o Sindicato Labrego Galego botamos en falla máis información, de xeito que as xentes que producen castañas podan saber se lles vai compensar en prezo o feito de estaren inscritos na Indicación Xeográfica Protexida.

Como actividade destacable organizada polo Consello Regulador está o Encontro Europeo da Castaña que tivo lugar en Ourense, os días 11 e 12 de marzo, coa participación de representantes de entidades de Galiza, O Bierzo, Extremadura, Portugal, Francia e Italia.

Semella claro o beneficio que vai reportar á industria e almacenistas o feito de ter selo de calidade e de procedencia galega, xa que é un produto que vai case todo a exportación, e a castaña galega ten boa imaxe no mercado. Agardamos que serva para mellorar o prezo que se paga pola castaña aos produtores e produtoras, rematando cos abusos que existen na actualidade.

AXUDAS PÚBLICAS PARA QUITARLLE ÁS PERSOAS A EXPLOTACIÓN DOS SOUTOS E DARLLOS Á INDUSTRIA

A Deputación Provincial de Lugo saca unha axuda de 700.000 € para **mudar o modelo tradicional de explotación dos soutos de castiñeiros, en mans de labregos e labregas, por un modelo industrial en mans dunha empresa**.

A axuda foi publicada no BOP de Lugo o 27 de abril, e o SLG denunciouno en nota de prensa o 6 de maio.

Resulta lamentable ver como se usan as axudas para presuntamente beneficiar a algunha empresa amiga para que xestione e explote os soutos de castiñeiros e outras froitas silvestres.

Prácticamente só un destinatario previamente definido podería cumprir, nos 20 días de prazo, coas númerosas esixencias estipuladas: ten que presentar o compromiso dos propietarios, un proxecto de desenvolvemento, un estudo técnico económico, licencia provisional de obras, etc.

Pero a maiores do mal uso que se poida facer das axudas con fondos públicos, está o papel que parece que teñen reservado as institucións para o medio rural galego.

Un rural como negocio para algunhas industrias, onde estorban os labregos e labregas coas súas pequenas economías familiares.

O seu concepto de rentabilidade sempre vai da man dalgunha empresa "solvente" por moito que á larga se demostre que o único que existe en moitos casos é o propio negocio das subvencións, que non é pequeno.

O Sindicato Labrego Galego, na medida do posible, fará un seguimento destas e outras medidas que supoñen un cambio de modelo que conleva un maior deterioro das condicións de vida das persoas que escollemos traballar e vivir no rural da actividade agraria.

Xornadas Nacionais de Venta Directa do Sindicato Labrego Galego en Compostela

PRECISAMOS DE ESPAZOS PROPIOS

Un grupo de labregos e labregas de varias comarcas do País, que vendemos os nosos produtos en Venta Directa, xuntàmonos o pasado 7 de maio en Compostela. Neste grupo estaban presentes persoas dos sectores de horta, leite, mel, vacún de carne e viño; que representan os diferentes tipos de Venta Directa que hai en Galiza tanto en fresco como envasado: venta en mercados e feiras, a pequenas tendas e restaurantes, entrega en domicilio, a asociacións de consumidores/as, na propia explotación, etc.

Comezamos por coñecer mellor as experiencias na Venta Directa de cada unha das explotacións presentes e os problemas cos que nos atopamos, para logo sacar conclusións no colectivo e trazarnos o camiño a seguir no traballo sindical.

Constatamos que está en auxe a venta directa, que cada vez hai máis consumidores/as concienciados e que proliferan as asociacións e/ou cooperativas.

Pero existen problemas serios que nos afectan: marxinación nalgúns lugares tradicionais de venta (mercados de abastos e feiras); a decadencia, incluso peche, de prazas de abastos de vilas e e cidades; os requisitos que piden algúns concellos; os problemas co rexistro sanitario; a falta de información sobre prezos; a falta de boa información sobre as feiras, etc.

Valoramos importante colectivizar as nosas preocupacións, manter e ampliar o debate e seguir avanzando nas posturas sindicais e nas reivindicacións para intentar que cada vez sexamos máis os labregos e labregas que fagamos venta directa e que recuperemos os espazos perdidos que nos eran propios.

O contacto directo cos consumidores e consumidoras, abrir as portas das nosas explotacións e seguir traballando con moita calidade para seguir sendo os depositarios/as dos produtos con sabor, son boas armas para seguir avanzando no individual e no colectivo.



Ana Rodríguez, Secretaria de Desenvolvemento Rural da Executiva Nacional do SLG *-de pé na foto-* introducíu a xornada e moderou os dos debates do grupo de traballo.

Na procura da diversificación con cultivos complementarios á viticultura

Recuperando a cultura da oliveira



En Valdeorras e Quiroga téñense dado pasos importantes para recuperar a olivicultura como actividade agraria complementaria asociada ao viñedo, como fixeran os nosos devanceiros. Foron os Reis Católicos quenes prohibiron esta actividade en Galiza, como castigo aos galegos e galegas por non seren submisos nin submisas á ocupación de Castela. Na imaxe, participantes na xornada ao pé dunha oliveira centenaria en Seadur (Larouco).

O SLG segue a contribuír seriamente a asentar a actividade de cultivo da oliveira na comarca de Valdeorras.

Dende o ano 2007 vimos desenvolvendo cursos e promovendo plantacións de olivos, xunto coa Asociación de Viticultores do Sil-Valdeorras, tamén recuperamos varias variedades centenarias autóctonas que só existen nesta zona, e estamos pendentes de facer plantacións experimentais para o seu estudo máis en profundidade.

A formación resulta fundamental para facer un bon manexo das plantacións, e para ir incorporando ao noso saber como viticultores e viticultoras esta nova e apaixoante actividade agraria, que nos reporta un aceite de máxima calidade para o autoconsumo e para poñer no mercado.

Jõao Helder Fernandes Teixeira, olivicultor, enxeñeiro agrónomo e presidente da cooperativa de Vilaflor en Tras os Montes, foi o encargado de impartir o curso organizado polo Sindicato Labrego Galego e financiado polo Fondo Social Europeo o día 9 de abril n´O Barco e o día 10 en Seadur. O curso contou cunha parte teórica e unha parte práctica nun olivar novo e noutro antigo.

Agora queda pendente seguir debatendo o camiño a seguir para avanzar na plantación de variedades autóctonas e dunha maior implicación de labregos e labregas neste proxecto.

nº 278
Maio do 2010

Xuntas, loitamos polo recoñecemento das mulleres labregas

Declaración Labrega de Cáceres

Mulleres do Sindicato Labrego Galego participaron no seminario europeo "Labregas polos nosos dereitos", coincidindo no mesmo lugar e tempo co foro oficial sobre mulleres e medio rural organizado pola Presidencia Española da UE, no que non se escoitaron ás labregas. Coma contraposición á "Declaración de Cárceres" emanada deste encontro oficial, dende a Coordenadora Europea Vía Campesina lanzamos a "Declaración labrega de Cáceres".



A Secretaria de Organización do Sindicato Labrego Galego e membra da Comisión Internacional de Mulleres da Vía Campesina, Lídia Senra, encetou o seminario acompañada de Belén Verdugo, responsábel da Confederación de Mujeres del Mundo Rural (CERES) e da Área da Muller da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG).

NOSOUTRAS, labregas chegadas de diferentes países de Europa, reunidas en Cáceres durante o seminario europeo "Labregas polos nosos dereitos" entre os días 27, 28 e 29 de abril, cansas da invisibilización á que frecuentemente nos someten as propias administracións a través, entre outras, das políticas agrarias e de desenvolvemento rural, e logo de comprobarmos que durante o foro oficial organizado pola Presidencia Española da Unión Europea -celebrado tamén estes mesmos días en Cáceres- que todo o mundo falou de nós sen darnos voz, queremos lembrar ás administracións públicas QUE AS LABREGAS ESTAMOS EIQUÍ, e que como labregas desempeñamos un papel chave na produción de alimentos na Europa e tamén no desenvolvemento e na vida dos nosos pobos.

Estamos fartas da invisibilización á que nos someten as actuais políticas agrarias, que consideran ás mulleres que desenvolvemos a nosa actividade nas explotacións agrarias familiares coma outra "propiedade" do titular da explotación, negándonos así os nosos dereitos a ter ingresos propios e á titularidade da explotación, aínda cando co noso traballo contribuímos a xeralos e a mantelos na mesma medida que os nosos compañeiros.

Non estamos dispostas a seguir aguantando a exclusión de miles de campesiñas da Seguridade Social, xa sexa por razóns económicas -tamaño da explotación-, culturais ou burocráticas.

Enfrontándonos a esta situación, e diante do debate que nestes momentos está a iniciarse sobre a reforna da Política Agraria Común (PAC 2013), reclamamos da Presidencia Española da Unión Europea e das institucións comunitarias:

1. Que se recoñeza a titularidade compartida ao 50% dende a PAC, desenvolvendo un estatuto xurídico que garanta ás labregas tanto os ingresos económicos como todos os demais dereitos que conleva a titularidade da explotación.

2. Eliminar a esixencia dun mínimo, tanto de superficie produtiva como de ingresos, para o acceso á actividade agraria, xa que este condicionante discrimina ás pequenas explotacións, sendo estas as que están fundamentalmente en mans das mulleres.

3. Que a formación agraria transmitida, tanto nas escolas agrarias como noutros ámbitos, incorpore a igualdade de xénero como materia a impartir, contando con persoas formadas neste ámbito para realizaren o seu labor docente.

4. A aplicación de medidas de accción positiva até conseguir a plena igualdade das mulleres.

5. A garantía, por lei, da participación das mulleres campesiñas na toma de decisións, facendo obrigatorio o cumprimento das leis de paridade por parte das organizacións agrarias.

6. O compromiso explícito, por parte das institucións europeas, de que non haberá impactos negativos para as campesiñas na elaboración dos orzamentos para a PAC.

7. Que as políticas de igualdade sexan transversais, para que a igualdade sexa un punto chave a considerar no momento de definir a PAC e o desenvolvemento rural.

NOSOUTRAS TRABALLAMOS,
NOSOUTRAS PRODUCIMOS,
NOSOUTRAS DECIDIMOS.



Á esquerda da imaxe, a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, a gandeira da Mariña luguesa Isabel Vilalba, expuxo a ponencia *Dereitos das mulleres na explotación agraria familiar*. Ao seu carón, moderou o debate Ángeles Ramón, da Coordinadora de Organizaciones de Agricultores y Ganaderos (COAG) .

Logo do ano pasado en Zaragoza, segunda manifestación estatal en Madrid

Por unha alimentación e unha agricultura libre de transxénicos



Cabeceira da mobilización, coa presenza da Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire -a quinta dende a dereita-, unha das encarregadas de ler o manifesto final.

Ao igual que na convocatoria do pasado ano, o Sindicato Labrego Galego e a Plataforma Galega Antitransxénicos, na cal o SLG está integrado, acudiron á mobilización "Por unha alimentación e unha agricultura libre de transxénicos", que desta volta tivo lugar en Madrid o pasado 17 de abril.

Unhas 15.000 persoas esiximos ao Goberno español que prohiba este tipo de cultivos, como xa fan países coma Francia, Alemaña ou Austria no caso do millo, apostando pola defensa do medio ambiente, a agricultura e os dereitos dos produtores/as e consumidores/as.

O Estado español é o país da UE con maior superficie de transxénicos sementada, 76.000 ha. só en millo. Tamén é significativo que logo de estarmos 12 anos sen que se producira a aprobación de ningún novo cultivo modificado, fose precisamente baixo a presidencia española da Unión Europea -no pasado mes de marzo- cando se aprobou a comercialización da pataca transxénica "Amflora" no territorio comunitario.

Na Galiza, este ano a empresa Pioneer solicitou permiso para sementrar transxénicos nunha parcela de Mesía.

A Plataforma Galega Antitransxénicos está pendente deste tema e á espera de resposta da solicitude de xuntanza co Xefe da área de Sanidade Vexetal e representante da Galiza no Comité Nacional de Bioseguridade, Ramón Jesús Lamelo, para coñecer a situación das solicitudes de experimentación realizadas por parte das multinacionais da biotecnoloxía na Galiza, aclarar o posicionamento oficial da Consellería de Medio Rural sobor das liberacións ao medio e experimentación con organismos xeneticamente modificados dentro do territorio galego e coñecer o plan de traballo da Xunta da Galiza para cumprir os acordos acadados no Parlamento Galego relativos aos Organismos Xeneticamente Modificados (OXM) no noso país.



Reivindicando o dereito dos pobos á soberanía alimentaria, en primeiro termo a responsábel da Secretaría das Mulleres e da Secretaria de Servizos ao Medio Rural e Soberanía Alimentaria, Isabel Vilalba. Ao seu carón, Paul Nicholson, da Coordenadora Europea Vía Campesina.



Novamente a participación galega conxugou a festa e a reivindicación.

Día Internacional da Loita Labrega

Tamén o sábado 17 de abril, as organizacións membras da Coordinadora Europea Vía Campesina realizaron unha serie de accións e de manifestacións para conmemorar o Día Internacional da Loita Labrega.

Este ano as accións reivindicativas centráronse na loita contra as empresas multinacionais, as cales procuran o control completo sobre os sistemas agrícolas e alimentarios de todo o mundo.

A orixe da data do 17 de abril coma Día Internacional da Loita Labrega remóntase ao 1996, cando dezanove campesiños sen terra do Brasil que estaban defendendo o seu dereito a producir alimentos a través da demanda de acceso á terra, foron masacrados pola policía militar.

Cada ano nestas datas organízanse accións ao redor do mundo, para esixir a soberanía alimentaria e o dereito dos labregos e labregas de alimentar ás súas comunidades.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A DECLARACIÓN DA RENDA DO 2009 (remata o prazo o 30 de xuño)

Datos Persoais:

■ Fotocopia do DI das persoas que vivan na casa e que poidan ser incluidas na declaración (o propio matrimonio, os seus fillos, pais e avós).

■ Declaración da renda do ano pasado.

■ Número de conta bancaria

Datos Económicos:

■ **Folla cos datos fiscais enviada por facenda.**

■ Certificado pensións, baixas, incapacidades... das persoas da declaración.

■ Certificados de retencións do traballo de todas as persoas da declaración.

■ Fotocopia do recibo da contribución de todas as vivendas, prazas de garaxe e solares.

■ Certificados do banco (intereses, fondos inversión, accións,...)

■ Certificado do banco da venda (además do valor de compra e data de compra e valor de venta e data de venta) de accións, fondos de inversión, letras, bonos, etc...

■ Certificados de retencións do leite, carne e madeira do ano 2009.

■ Subvencións cobradas no ano 2.009

■ Folla de saneamento do 2009 e facturas dos investimentos realizados.

■ Ingresos por variacions patrimoniais: venta de casas, fincas: traer data e valor de compra xunto ca data e valor de venta acreditado por escrituras...

■ Subvencións recibidas por rehabilitación de vivenda, amaño de camiños, traida de augas, ...

■ Importe pagado por préstamos hipotecarios e gastos realizados na rehabilitación e construcción da vivenda habitual, no ano 2.009

■ Aportacións realizadas, no ano 2009, a contas vivenda e data de apertura.

■ Aportacións realizadas a plans de pensións no ano 2009.

As persoas de **Directa** (IVE CADA 3 MESES): Tódolos recibos de subvencións, indemnizacións e préstamos pola compra de elementos para a explotación, Seguros da explotación: de animais (neste caso necesitaríamos a póliza), maquinaria, naves, ... folla de saneamento 2009.

MOI IMPORTANTE:

TODAS AS PERSOAS TEÑEN QUE TRAER A FOTOCOPIA DA CONTRIBUCIÓN URBANA DA VIVENDA ONDE RESIDEN, SEN ELA, *NON SE PODE FACER A DECLARACIÓN DA RENDA*.

AVISOS COMARCAIS:

Local comarcal Vilalba.
-O día **02/06/2010** estaremos no bar Da Volta, en **Muras**, para recoller documentación da renta en horario de 16:30 a 17:30.
-O día **03/06/2010** estaremos na escola de Romariz, en **Abadin**, de 16:30 a 17:30.

Local comarcal Lugo.
-Recolleremos documentación en **Navia de Suarna** o **martes 8 de xuño**, de 16:00 a 18:00 na casa de André.
-En **Poio (Pedrafita)** o **mércores 9** de 16:00 a 18:00. No restaurante Santa María de Poio.
-As persoas de Cervantes teñen que pasar polo local de **Becerreá**, que abre todos os xoves de 10:00 a 14:00.

AXUDAS PARA FACILITAR O ACCESO Á PROPIEDADE A TITULARES DE ARRENDAMENTOS HISTÓRICOS E PARZARÍAS

Estas axudas teñen por finalidade facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías. As axudas poderán consistir nunha subvención directa de capital ou nunha subvención de tramitación.

O importe da subvención directa calcularase aplicando a porcentaxe do 35% ao valor atribuído á superficie total do predio ou predios adquiridos.

Poderán subvencionarse en concepto de gastos de tramitación ata un máximo de 480€ para gastos de asesoría e ata un máximo de 180€ para gastos xudiciais. **O prazo para presentar as solicitudes de axuda remato o 7 de xullo de 2010**

PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillos/as menores de tres anos na data 1 de xaneiro de 2010 (nacidos entre o 2-1-2007 e o 1-1-2010, inclusive) e que, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2008, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este período.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 19 de xuño de 2010

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria: ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia e carecer de dispoñibilidade de recursos económicos.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que percibisen esta axuda con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 1 de abril e rematará o 31 de outubro de 2010.

ATENCIÓN

MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítaa no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.**

MEDIDAS DE REFINANCIAMENTO PARA AS EXPLOTACIÓNS

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino publicou no BOE do 11 de marzo de 2010 unha orde na que se establecen medidas para facilitar o acceso á financiación das explotacións agrícolas e gandeiras.

Esta é unha das medidas co-xunturais que se lle reclamaron ao Ministerio, ainda que só é unha delas.

Dous tipos :

1.Concesión de novos préstamos: A través de acceso aos créditos ICO (**ata o 20 de decembro**) ou ben subvencionando os avais para a concesión de novos préstamos (**ata o 12 de xullo de 2010**).

2.Refinanciamento dos créditos xa concedidos :

a.Carencia especial de ata dous anos dos préstamos dos plans de mellora ou incorporacións. Prazo: ata o **12 de xuño de 2010**

b.Carencia especial de ata dous anos dos préstamos concedidos ás explotacións de carne (no ano 2008). Prazo: ata o 12 de xullo de 2010.

Desde o SLG consideramos que poden ser de interese para as explotacións que precisen li-quidez, pero recomendamos pasar polo voso local do SLG para ter máis información e lerse con detenimento as condicións, sobre todo no que se refire a carencia dos préstamos xa concedidos, posto que na orde do Ministerio non está claro como quedan estes préstamos despois do periodo de carencia que concedan.

SEGUROS DE MAQUINARIA AGRICOLA

Todos os remolques, cisternas, e demais aperos matriculables teñen que ter **seguro propio** o seguro do tractor soio cubre os apeiros non matriculables.

AVISOS

Proximamente abrirase o prazo para solicitar as seguintes axudas:

Plans de mellora de explotacións agrarias e **incorporación de mozas e mozos** á actividade agraria e **plan renove de maquinaria agrícola.**
Se estades interesados/as en solicitar algunha destas axudas póñedevos en contacto co voso local do SLG

Compra - Venda - Troco

VENDAS

-Frisonas próximas ao parto, con carta.
-Tanque de 1.100 l.
-Circuito de muxido de 4 puntos
TLF: 659 213 085

Cabalo enteiro de 4 anos.
TLF: 630 561 310

AUDI 80 1.8E
-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Llantas de coche de aluminio marca MOMO de 5 buratos e de llanta 15
-Viño da zona de Portomarín
TLF: 686 596 260

20 vacas e 7 becerras (boa xenética). Zona de Forcarei.
TLF: 679 248 411 e 986 684 270

Autocargador MERLINI de 18 metros cúbicos, case sen usar.
TLF: 982 176 201

Renault MEGANE 1.4 16V. bo estado, poucos kms.
TLF. 676 666 157

-Touro limousin novo
-Tanque de leite de 500 litros.
TLF: 685 884 257 e 982 207 733

Remolque para transportar rulos de herba.
TLF: 657 361 197 (13:00-14:00 h e de 21:00-22:00h)

Pacas de herba seca.
TLF:982 526 886

Vaca (5 anos) con cría de meses.
TLF: 982 526 886

Finca en Monfero (A Coruña) de 600 ferrados, con casa pequena de pedra para restaurar.
TLF: 981 210 770 e 981 788 380

-Tractor JOHN DEERE serie 2120
-Tractor LAMBORGHINi-503-DTS-54 cabalos, doble tracción 2400 horas.
-Tractor EBRO - 160- d dirección hidraulica.
-Fresadora-arado remolque- máquina ensiladora de un rego (marca claas) segadora bertollini 124-D
TLF: 657 955 300

Vacas de carne por cese de explotación
TLF: 626 315 059

Autocargador.
TLF: 982 502 165

Tanque de frío 550 en bo estado.
TLF: 677 740 230

Encintadora da herba LANDINI. Ten 4 colleitas. Prezo: 3.000€. Zona Arzúa.
TLF. 667 469 962

Empacadora con 2 campañas de uso. Seminova. Marca ABBRIATA 61. Zona Arzúa.
TLF. 677 625 245

Véndese Grade de Discos Suspendida. Zona Arzúa.
TLF:. 677 62 52 45

Moto 125 c.c. de carretera 3 anos-4600 KM
TLF-982 175 773 e 661 035 76

-Sembradora de millo marca Becker, 6 lineas, con carga autómatica de abono
-Grade rotativa con sembradora de herba, marca BREVIGLIERE, 3 metros
-Grade de discos, marca NOLI, 4,5m de trabajo.
TLF:660 442 783 e **619 038 548**

Cadeliños de pastor belga. Nai filla de Zar, campión estatal.
TLF: 660442783

Novillas.
TLF: 981 195 687

Segadora Bertolini.
TLF: 606 593 253

-Muíño de martelos en perfecto estado.300€.
-Renault Megane 1900 Turbo Diésel.2900 €.
TLF: 646 307 320 e 981 774 561.Zona Betanzos

Autocargador marca GALAGRI de 22 metros cúbicos seminovo con freo hidráulico, descarga hidráulica e rodas anchas. Zona Monfero
TLF: 981 196 875 ou 696 699 883.

-Tractor JHON DEERE 2140 80 CV, bó estado.
-Subsolador marca Yimpa .
TLF.: 696 004 515

Tractor EBRO 6125 DT
TLF:625 180 903 e 982 177 903

Rabaño de 86 ovellas con dereito a puntos.
TLF: 988 445 415 (Benito)

De 200 a 300 ouvellas.
TLF: 689 187 599 (José Luis)

Circuito na zona de Ordes.
TLF: 628 797 419

-Citroën Xsara HDI
-Moto Suzuki DR50
TLF: 628 535 941 (Carlos)

Véndense lugares no centro da Galiza, terra de Melide, de 45 e 21 hectáreas.
TLF: 616 627 318.

Segadora BCS. Zona de Oroso (A Coruña).
TLF: 690 376 048. (Antonio)

-Motor-reductor para limpeza de granxas ou cortes.
-Dúas cabras monas, de dous anos de idade.
TLF: 988 457 400 (noites).

Vacas rubias marcadas.
TLF: 689 752 400

Vendo mel totalmente ecolóxico, sen ningún aditivo. Zona da Mariña.
TLF: 608 920 360 (Josefa)

Novillas de leite, por cese de explotación.
TLF: 982 177 855 (A partir das 22:00hrs)

-Cinta transportadora de 10 metros
-Sementadora de patacas automática GRIMME
-Colleitadora de patacas GRIMME 800
TLF: 639 81 7 6 34 (Antonio)

-Vacas e novillas frisonas: boa xenética, control leiteiro, media producción 10.370 l., media calificación 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frio POLIFRIO 2.500l.
TLF: 610 962 132, 626 250 993 ou 981 196 919

Por abandono, véndese:
-Circuito alfa laval 3 puntos.
-Tanque do frio 550L.
-Tractor Ebro 470.
-Fresa 2m e ganchos 5 sachas.
TLF: 619 087 727 e 660 485 856 (Boimorto)

Pranta de mazá de sidra inxertadas en castes autóctonas.
TLF: 655 698 299

-Fresa marca AGRATOR 1.60
-Abonadora
-Rolos de herba seca
TLF: 664 652 469

Sala de muxir seminova
Moto Onda 125 cc XR seminova
Touro do país de ano e medio
TLF: 648 187 857

Plantas de loureiro real. Ideal para setos de peche de parcelas. Prezo según tamaño.
TLF: 685 529 988 (Félix)

Por cese de actividade, véndese:
-Tractor JOHN DEERE 6400-105CV
-Cuba de purín 8.000l. con brazo de carga, eixo direccional e ballesta lanzadeira.
-Remolque mezclador TRIOLET 12m.
-Encintadora de carro MAKEY.
-Emboladora CARRARO liña verde.
-Segadora FELLA 2,25m. 2 tambores.
-Rastrillo acordonador FELLA 3,90m.
-Rotabator 2,25m. de labor.
-Segadora acordornadora RAPID SUIZA modelo 507.
-Remolque autocargador Galagri 24m.
-Batidor de purín.
-Abonadora Vicon 600kg.
-Arado JEMA, dúas vertedeiras.
-Sementadora de millo 4 regos.
-Desensiladora.
-Máquina de herbicida 6001 marca ANFER.
-BELARUS con pa, pinza de bolas, cazo desensilador, cazo de terra e cazo de esterco.
-Desbrozadora 1,60m.
-Extendedor de silo.
-Rolo apisonador 2,20m. de ancho por 1m. de alto.
TLF: 650 178 778

-Segadora rotativa de 2.05m. marca FELLA en bo uso.
-Angazo fileirador de 3m marca ROTAGA.
-Tanque de 2 muxidos , 800l. trifásico. Marca MAGNUS.
-Becerro ecolóxico para consumo. Zona de Arzúa.
TLF: 637 850 419

Grade rotativa LELY TERRA 350.
TLF: 669 839 647

Vacas e novillas cachenas.
TLF: 676 592 589 (Jose Luis)

COMPRAS

Mércase ou alúgase granxa de engorde de polos. Zona da Estrada ou arredores (Silleda-Forcarei).
TLF: 645 445 402

Merco silo de pienso de 5.000kg ou máis e tanque de frío de 200l. En bo estado
TLF: 650 217 717

Mastín leonés.
TLF: 655 057 370

Cámara de frío, para produtos hortícolas. Apro-ximadamente 4X4m. máximo,monofásica.
TLF: 620 140 986

Atomizador suspendido de segunda man
TLF: 645 851 081 (Encarnación)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 634 219 936 (Toni).

Ofrécese muller para coidado de nenos/as e maiores e para todo tipo de coidado da terra: xardiñería, horta.... Tamén realizapor encargo retratos caracterizados, ideais pra agasallar (tamaño A3, prezo 10€).
TLF: 637 042 293 (Mónica)

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 649 652 923 (Ahmed)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpar, afondar, emparedar...)Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con mangueira ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martillo picador e equipo de ventilación. Desprazámonos, presupostos sen compromiso.
TLF: 662 084 529 (Fernando)

Ofrécese matrimonio con experiencia en viveiros e agricultura orgánica para traballar en explotación.
ubedaalicia@yahoo.es

Unha rapaza e tres rapaces ofértanse para traballar en explotación.
TLF: 680 686 217 (Amina)

Fanse traballos forestais: plantacións, podas, desbroce manual e mecánico, talas de árbores e pechas de fincas. Faise tamén calquera traballo agrícola.
TLF: 686 753 105.

OUTROS

Alúgase explotación de leite en Lañas, A Baña.
TLF:. 670 694 644

Mércase ou alúgase granxa de engorde de polos an zona da Estrada ou arredores (Silleda-Forcarei).
TLF: 645 445 402

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correio electrónico *prensa@sindicatolabrego.com*. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.


PLAN
CONECTA
MUJER
Integra a
informática no
medio rural de
maneira sinxela
nos teus traballos
agrarios e privados
Muller,
innovamos
no teu campo
aberto
o prazo
de inscricion
mulleres@sindicatolabrego.com
CERES
CONFEDERACIÓN DE MUJERES
DEL MUNDO RURAL
Financia:
GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Invierte en tu futuro